



Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2021-2022

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Miradas ocupacionais de mulleres novas
superviventes da violencia de xénero:
Proxecto de investigación**

Noa López Castro

Xuño 2022

DIRECTORAS:

Nereida María Canosa Domínguez: Terapeuta ocupacional. Profesora do Grao en Terapia Ocupacional. Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña.

Laura Nieto Riveiro: Terapeuta ocupacional. Profesora do Grao en Terapia Ocupacional. Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade da Coruña.

ÍNDICE

RESUMO	6
RESUMEN	7
ABSTRACT	8
1. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA	9
1.1. Contextualización histórica do xénero e a violencia de xénero	9
1.2 Conceptualización e situación da violencia de xénero.....	12
1.3 Aproximación a violencia de xénero dende a Terapia Ocupacional	18
2. RERERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	24
3. OBXECTIVOS.....	33
4. METODOLOGÍA	34
4.1 Tipo de estudo	34
4.2 Busca e revisión bibliográfica	34
4.3 Ámbito de estudo.....	35
4.4 Selección de participantes.....	35
4.5 Entrada ao campo	36
4.6 Técnica e recollida dos datos	36
4.7 Análise dos datos	38
4.8 Criterios de rigor	40
4.9 Aplicabilidade	42
5. PLAN DE TRABALLO.....	43
6. ASPECTOS ÉTICOS-LEGAIS	45
7. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS.....	47
7.1 Congresos	47
7.2 Revistas nacionais.....	48
7.3 Revistas Internacionais.....	48

8. FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN	49
8.1 Recursos necesarios	49
8.2 Posibles fontes de Investigación:	52
9. AGRADECIMENTOS	54
APÉNDICES	55
Apéndice I: Lista de abreviaturas e acrónimos	55
Apéndice II: Documento informativo para a participante	56
Apéndice III: Compromiso de confidencialidade	60
Apéndice IV: Consentimento informado	62
Apéndice V: Guión de entrevista semiestructurada.....	66

“EL PRIVILEGIO ES EL MAYOR ENEMIGO DEL DERECHO”

Marie von Ebner-Eschenbach

RESUMO:

Título: Miradas ocupacionais de mulleres novas superviventes de violencia de xénero: Proxecto de investigación.

Introdución: A violencia de xénero considérase a máxima expresión do patriarcado atacando directamente á saúde pública e á integridade das mulleres. En relación con este fenómeno, existe unha gran cifra de mulleres que experimentaron esta situación, ás cales se lles denomina como sobreviventes ou superviventes de violencia de xénero. Cabe destacar que esta experiencia vivida polas mozas novas pode provocar un cambio de hábitos e rutinas e un gran compromiso ocupacional no seu día a día. A pesar da existencia dunha gran cantidade de bibliografía que relaciona a Terapia Ocupacional coa violencia de xénero, é necesario investigar sobre como esta situación chega a ter impacto na vida de mulleres novas que experimentaron este fenómeno.

Obxectivo: Coñecer as experiencias de rapazas novas que experimentaron violencia de xénero e como esta situación impactou na súa vida cotiá e participación ocupacional, permitindo coñecelas a través da súa propia voz.

Metodoloxía: O proxecto seguirá unha metodoloxía cualitativa, dentro dun enfoque fenomenolóxico. Realizarase a través de entrevistas, con aquelas mulleres que acepten participar, que cumpran cos criterios de inclusión e exclusión expostos. Unha vez recollidos os datos, procederase á súa análise, e á elaboración dun informe final, no que se extraerán unha serie de conclusións, comprobando desta maneira a obtención e o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Palabras clave: Violencia machista, Terapia Ocupacional, mozas novas, ocupación significativa.

Tipo de traballo: Proxecto de investigación.

RESUMEN

Título: Miradas ocupacionales de mujeres jóvenes supervivientes de violencia de género: Proyecto de investigación.

Introducción: La violencia de género se considera la máxima expresión del patriarcado atacando directamente a la salud pública y a la integridad de las mujeres. En relación con este fenómeno, existe una gran cifra de mujeres que experimentaron esta situación, las cuales se denominan como sobrevivientes o supervivientes de violencia de género. Cabe destacar que esta experiencia vivida por las mujeres jóvenes puede provocar un cambio de hábitos y rutinas y un gran compromiso ocupacional en su día a día. A pesar de la existencia de gran cantidad de bibliografía que relaciona la Terapia Ocupacional con la violencia de género, es necesario investigar sobre cómo esta situación llega a tener impacto en la vida de las mujeres jóvenes que experimentan este fenómeno.

Objetivo: Conocer las experiencias de mujeres jóvenes que experimentaron violencia de género y cómo esta situación impactó en su vida cotidiana y participación ocupacional, permitiendo conocerlas a través de su propia voz.

Metodología: El proyecto seguirá una metodología cualitativa, dentro de un enfoque fenomenológico. Se realizará a través de entrevistas, con aquellas mujeres que acepten participar, que cumplan con los criterios de inclusión y exclusión propuestos. Una vez recogidos los datos, se procederá a su análisis, y a la elaboración de un informe final, en el que se extraerán una serie de conclusiones, comprobando de esta manera la obtención y el cumplimiento de los objetivos del proyecto.

Palabras clave: Violencia machista, Terapia Ocupacional, mujeres jóvenes, ocupación significativa.

Tipo de trabajo: Proyecto de investigación.

ABSTRACT

Title: Occupational perspectives of young women survivors of gender violence: Research project.

Introduction: Gender-based violence is considered the maximum expression of patriarchy directly attacking public health and the integrity of women. In relation to this phenomenon, there is a large number of women who experienced this situation, who are referred to as survivors of gender-based violence. It should be noted that this situation experienced by young women can lead to a change of habits and routines and a great occupational commitment in their daily lives. Despite the existence of a large number of bibliographies relating Occupational Therapy to gender-based violence, it is necessary to investigate how this situation has an impact on the lives of young women who experience this phenomenon.

Objective: Learn about the experiences of young women who experienced gender-based violence and how this situation impacted their daily lives and occupational participation, allowing them to be known through their own voice.

Methodology: The project will follow a qualitative methodology, within a phenomenological approach. It will be conducted through interviews, with those women who agree to participate, who meet the proposed inclusion and exclusion criteria. Once the data are collected, it will be analysed, and a final report will be prepared, in which a series of conclusions will be drawn, thus verifying the obtaining and fulfilment of the objectives of the project.

Keywords: Male violence, Occupational Therapy, young women, significant occupation.

Type of work: Research project.

1. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

1.1. Contextualización histórica do xénero e a violencia de xénero

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define o xénero como “os conceptos sociais das funcións, comportamentos, actividades e atributos que cada sociedade considera apropiados para os homes e as mulleres (1). Ademais, é definido como un determinante social da saúde, o cal fai referencia á distribución desigual de poderes, nas relacións persoais e nas normas e expectativas sociais asignadas a homes e a mulleres (2). Cabe destacar que os determinantes sociais da saúde establecidos pola OMS son aqueles que pretenden resolver as desigualdades combatendo todos aqueles factores alleos ás persoas que afectan ao crecemento en comunidade e ao alcance de saúde plena (56).

Ademais, o xénero refírese a un constructo social baseado nas convencións culturais, actitudes, e relacións entre homes e mulleres, que implican diferenza en canto ao poder e a autoridade (3). Isto supón a aparición de roles e estereotipos vinculados ao xénero (4).

Ao realizar unha análise acerca dos roles e estereotipos que se atribúen historicamente ás mulleres, pódese atopar que elas tender a ser as “provedoras dos cuidados” (5), ademais de ser consideradas “fráxiles” e “débiles” fronte aos homes (6).

A desigualdade entre os xéneros non só se observa nas actitudes, accións ou roles que toman mulleres e homes a nivel social, senón que se aprecia en diversos ámbitos, como no da ciencia ou a investigación, na política ou no medio empresarial, entre outros. A situación de falta de equidade das mulleres nestes eidos pódese constatar en diferentes feitos, como a escasa representación que presentan nos postos de maior poder, ou nas fendas de xénero existentes a nivel da financiación de proxectos. (7)

Esta desigualdade tamén se visibiliza de forma clara na linguaxe. Por exemplo, atópanse refraneiros populares cun gran contido machista, nos

cales queda reflectido como a muller é obxecto de malos tratos (“A la mujer y a la burra, todos los días zurra”) e como o seu protagonismo queda reducido ao simple hábito doméstico ou privado (“La mujer y la sartén, en la cocina están bien” ou “La mujer tiene derecho si se mantiene en su techo”). Aínda que os devanditos roles e estereotipos de xénero avanza ao par que a sociedade, a día de hoxe seguen existindo na nosa comunidade (8).

Para loitar contra estas desigualdades, a Organización das Nacións Unidas (ONU) propuxo unha serie de obxectivos para alcanzar no ano 2030; coñecidos como Obxectivos do Desenvolvemento Sostible. Un destes obxectivos a cumprir, concretamente o número 5, centra a súa atención en (9):

“Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas “

Así, empoderar ás mulleres e promover a igualdade de xénero é fundamental para acelerar o desenvolvemento sostible. Ademais, poñer fin a todas as maneiras de discriminación contra as mulleres e as nenas é un dereito básico humano, que ten un efecto multiplicador en todas as demais áreas. (9)

É importante ter en conta que as mulleres representan máis da metade da poboación mundial, pero a pesar disto, existe unha importante brecha respecto aos homes, tanto en cuestión de dereitos como de oportunidades (8).

A violencia contra a muller atópase como a máxima expresión de desigualdade derivada da sociedade patriarcal (10), caracterizada polo dominio dos varóns, que relega á figura da muller, é dicir, provén dunha visión parcial dos feitos que constitúen o patrimonio cultural dun pobo, onde se elimina ou se minimiza a participación do xénero feminino. Esta constitúe uns fenómenos sociais con moitos anos de evolución, podendo definirse

como unha pandemia mundial e un importante problema de saúde pública.
(11)

Debido á situación de desigualdade e violencia que viviron as mulleres ao longo da historia no século XX comezáronse a realizar diferentes accións reivindicativas por parte de organismos internacionais que empezaron a tomar consciencia da difícil situación en que se encontraban moitas mulleres, e que deron, polo tanto, visibilidade a unha cuestión social oculta ata ese momento na privacidade persoal e familiar de cada unha delas (12).

Dentro destas accións, destacan algunhas como:

- A adopción no ano 1979 por parte da ONU da “Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller”, onde se define que a violencia de xénero é algo que afecta especificamente ás mulleres, estando baseada na inferioridade delas na sociedade (13).
- A declaración, na II Conferencia internacional sobre as mulleres acontecida no 1980 de que a violencia que se exerce sobre as mulleres é o crime máis encuberto do mundo (14).
- O recoñecemento a nivel mundial no ano 1993 da violencia contra a muller (“violence against women”), a cal é un problema de saúde pública que afecta a millóns de mulleres do mundo, e que constitúe unha violación dos dereitos humanos (15).
- A elección por parte da ONU no ano 1999 do 25 de novembro como o “Día internacional para a eliminación da violencia de xénero contra a muller” (12).

Sen embargo, a pesar destas accións, a día de hoxe a violencia de xénero segue sendo unha das manifestacións máis claras da desigualdade e subordinación e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres. Esta violencia exerceuse simplemente polo feito de ser muller,

independentemente do status social, ou o nivel educativo, cultural ou económico. (16)

1.2 Conceptualización e situación da violencia de xénero

A violencia de xénero considérase a máxima expresión do patriarcado atacando directamente á saúde pública e a integridade das mulleres. (17)

Esta componse de 3 elementos principais que marcan a súa estrutura e a súa evolución (18):

- Un **compoñente estrutural**, orixinado a partir das raíces culturais e sociais, relacionadas coa aparición de estereotipos sexuais e a creación de roles de xénero.
- O **control e o sometemento da muller**, como principal obxectivo, sendo estes continuos no tempo e acompañados de agresións de carácter físico, psíquico e sexual.
- Un **illamento a nivel social**, das súas redes de apoio externo, como poden ser familiares e amizades.

Segundo a ONU, a violencia de xénero é “todo acto de violencia baseado no xénero que ten como resultado posible ou real un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluíndo ameazas, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, xa sexa na vida pública ou privada” (15).

Por outra parte, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, recóllese que a violencia de xénero é a “manifestación da discriminación, a situación de desigualdade, e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres”. Ademais, considérase que “comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións, a liberdade sexual, as ameazas, as coaccións, ou a privación arbitraria de liberdade”. (19)

A ONU, para referirse ás mulleres que experimentan un acto ou unha situación de violencia de xénero, utiliza o termo “sobrevivente da violencia”.

O seu significado é similar a “víctima”, aínda que se refire primordialmente a “sobrevivente”, xa que implica resiliencia (20). Esta é recoñecida como una fortaleza que capacita ás mulleres para asimilar a situación que atravesaron, aproveitando a experiencia para convertela nunha aprendizaxe, é dicir, creando un mecanismo de defensa e unha reflexión positiva do que viviron (21)

Ademais de explicar as diferentes medidas nacionais e internacionais sobre a violencia de xénero, é necesario centrarse na lei autonómica debido a que este traballo vai focalizado a mozas galegas.

A Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero defínea como “calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluíndo as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorre no ámbito público como na vida familiar ou privada” (14).

Nesta lei, inclúese dentro da violencia de xénero, o concepto de violencia vicaria, que é entendida como “o homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como calquera outra persoa unida a ela, coa finalidade de causar mais dano psicolóxico” (14).

No artigo 3 desta lei galega, pódense observar as diferentes formas de violencia de xénero (14):

- **Violencia física:** Inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, co fin de producir un risco, un dano ou unha lesión física, exercida por quen sexa. Así mesmo, considerarase este tipo de violencia se provén dun varón do seu entorno social, familiar e/ou laboral.

- **Violencia psicolóxica:** Inclúe toda conducta verbal ou non verbal, que produza á muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos... Igualmente, terase en consideración que esta violencia psicolóxica sexa exercida por un home do seu entorno social, familiar e/ou laboral.
- **Violencia económica:** Inclúe a privación intencionada e non xustificada a nivel legal de recursos de benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito de convivencia de parella.
- **Violencia sexual e abusos sexuais:** Inclúe calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, abarcando a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.
- **Acoso sexual:** Inclúe conductas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si mesmo ou para unha terceira persoa.
- **Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.**
- **Homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia** exercida sobre as fillas ou fillos da muller, así como sobre calquera outra persoa unida a ela, coa finalidade de causarlle dano psicolóxico.
- Calquera outra forma de violencia recollida nos tratados internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.

No ano 2021, xorden diversas modificacións desta normativa autonómica, nas cales se abordan novos termos. Así, na Lei 14/2021, do 20 de xullo, introdúcese o termo de **violencia vicaria**, xa explicado na lei anterior. Esta normativa define a violencia vicaria como (22):

Miradas ocupacionais de mulleres novas superviventes da violencia de xénero.

“Aquela violencia que se exerce sobre a muller co fin de causarlle o maior e máis grave dano psicolóxico a través de terceiras ou interpostas persoas e que consegue o grado máis elevado de crueldade co homicidio ou asasinato desas persoas (fillos e fillas, nai, pai...)”.

Ademais, a lei máis recente, a Lei 15/2021, do 3 de decembro (23), engade un termo novo, que se ve necesario definir, que sería a ciberdelincuencia, especificamente a exercida sobre a muller, xa que nos últimos anos aumentou o control das vítimas a través de redes sociais, dos dispositivos dixitais e, fundamentalmente, do teléfono móbil. Estas son novas formas de violencia de xénero que xorden como consecuencia da aparición das novas tecnoloxías, afectando sobre todo ás mulleres máis novas, debido a que os datos amosan que o ciberacoso ten unha maior incidencia na adolescencia; polo tanto, convértese nunha poboación de maior vulnerabilidade.

Así, a **violencia de xénero dixital** engloba:

- Todas as conductas de violencia de xénero exercidas a través das novas tecnoloxías, incluíndo as redes sociais ou internet.
- Humillación ou vexación das mulleres, a través de gravacións e difusión de imaxes sacadas sen consentimento, tanto no ámbito público como privado.
- Distribución de imaxes ou datos comprometidos de contido sexual na redes.
- Usurpación da identidade da vítima ou creación de perfís falsos para desprestixiar á moza.
- Alta do seu correo electrónico en páxinas web para ridiculizala ou estigmatizala.
- Acceso dixital ao ordenador da moza para controlar as súas conversacións con outras persoas.

- Control do teléfono móbil.

Por outra banda, a psicóloga Leonor Walker, especializada en cuestións de xénero e autora da “teoría do ciclo da violencia” (24), describe e analiza a violencia de xénero en tres etapas clave, como se mostra na Figura I.

Estas etapas concorren de maneira cíclica. A evolución deste proceso é crecente, converténdose co paso do tempo en incontrolable e explosivo.




Figura 1: Ciclo de violencia de xénero. (24)

- A primeira fase denomínase **acumulación da tensión**. Ten unha duración indeterminada, na cal xorden incidentes menores como berros ou pequenas pelexas. Ademais, o agresor acumula tensión pola cal vai aumentando a violencia verbal, ademais de ter unha actitude máis celosa, agresiva, irritable, alterable, sensible, tensa... Por outra parte, a vítima adoita asumir un papel de culpa, é dicir, prodúcese unha autoculpabilización por parte desta, e trata de compracer ao agresor, exculpándoo.
- A segunda fase chámase **estalido da tensión**. Nesta fase, prodúcese unha descarga incontrolable das tensións acumuladas na fase anterior, ademais de existir unha falta de control. Prodúcese agresións físicas, psicolóxicas e incluso sexuais. Os agresores teñen control sobre o seu comportamento violento e son sabedores de que

o descargan sobre as súas parellas de maneira intencionada ou selectiva.

- A terceira fase consiste na **lúa de mel ou arrepentimento**. Nesta fase, existe unha calma relativa, o agresor móstrase máis cariñoso, amable e incluso arrepentido (perdón). Este período dificulta en ocasións a posibilidade de que a vítima denuncie a situación.

Despois desta última fase, Walker sostén que se volve a iniciar un novo ciclo en que a primeira fase se fai máis común, mentres que a terceira fase descende. Ademais, esta autora afirma que a muller tende a adoptar unha actitude pasiva por medo e para evitar que se produza unha nova agresión, fenómeno que se coñece como “síndrome da muller maltratada” (24).

Por último, no noso país, as cifras actuais indican que no ano 2021 a violencia de xénero aumentou un 3,2%, chegando a ser experimentada por 30.141 mulleres. A taxa de violencia de xénero foi de 1,4 por cada 1.000 mulleres de 14 e máis anos; asemade, os valores máis elevados alcanzáronse nos tramos de idade entre 30 e 34 anos e de 25 a 29. Por outra banda, o número de vítimas de violencia doméstica diminuíu un 0,5% (25).

En canto á comunidade autónoma de Galicia, cabe destacar que aumentou un 2,5% o número de mulleres que experimentaron violencia de xénero desde que se comezaron a rexistrar as estatísticas vinculadas a este fenómeno, pasando de 1.187 a finais do ano 2020 a 1.217 mulleres ao longo do 2021 (25).

As cifras anteriores, exportadas do Instituto Nacional de Estatística (INE), proporcionan información relevante na cal destaca a existencia dun problema de saúde pública que afecta, sen distinción ningunha, á figura da muller. Polo tanto, a saúde das mulleres que viven este tipo de procesos vese afectada a todos os niveis: físico, mental e social.

1.3 Aproximación a violencia de xénero dende a Terapia Ocupacional

Para levar a cabo este proxecto de investigación, é esencial coñecer as ocupacións das mulleres e sobre todo cales destas se ven comprometidas ao experimentar esta situación de violencia. A disciplina de Terapia Ocupacional concibe a ocupación como unha parte inherente da persoa coa cal traballar, para potenciar o seu benestar e calidade de vida.

A ocupación significativa (26) consiste “nunha oportunidade para o encontro, o desencontro, e o reencontro cun mesmo e co seu entorno a través da apropiación de ‘facer o comprometido’”, dependendo da influencia de diversas circunstancias, entre elas, sociais ou culturais (27).

A violencia de xénero pode ser considerada como unha situación de “deprivación ocupacional”, a cal é definida por Wilcock e Whiteford como “a influencia dunha circunstancia externa, allea á persoa, que a limita á hora de adquirir, utilizar ou desfrutar de algo”; xa que a restrición en ocupacións significativas para a muller é unha pauta do fenómeno da violencia de xénero (28).

Así mesmo, existen estudos que, de maneira xeneralizada, expoñen que esta violencia inhibe a participación das mulleres na toma de decisións no fogar, ou no ámbito laboral, político, e social. É dicir, aféctalles á súa participación na comunidade (29) .

No presente proxecto de investigación, o concepto participación entenderase, tomando como base a definición de Giménez, como “estar presente en, ser parte de, ser tomado en conta por e para, involucrarse, intervir en etc. Participar é influír, responsabilizarse [...]. A participación é un proceso que enlaza necesariamente os suxeitos e os grupos, relacionando a cada persoa co resto de individuos tamén involucrados nese proceso. Ser participante implica ser coaxente, cooperante, coautor(a), corresponsable...” (30).

Miradas ocupacionais de mulleres novas superviventes da violencia de xénero.

Outras/os autoras/es expoñen que os efectos da violencia de xénero son extensos e impactan nas vidas das sobreviventes, das súas fillas e fillos, afectándolles ás súas rutinas e roles diarios (31). Ademais, como refire Cage, moitas das mulleres non teñen a oportunidade de elixir e participar libremente en ocupacións (32).

Debido ao control e ao illamento da familia e as amizades, as mulleres superviventes da violencia de xénero e a súa descendencia encóntranse nunha “situación de desvantaxe” (33), que afecta ao seu empoderamento e á súa autoestima. (34)

Nesta mesma liña, Helfrich e Aviles (35) sinalaron que despois da situación vivida de maltrato, moitas das mulleres presentaban dificultades na administración dos cartos, na xestión do fogar, no manexo do estrés e na sexualidade (36). Tamén atoparon que as sobreviventes presentaban complicacións para encontrar un equilibrio saudable nas Actividades da Vida Diaria (AVD) , no tempo para elas mesmas e na autoestima, o que pode impactar nos roles de coidado, no desempeño laboral e educativo, e na participación co seu entorno próximo (31) .

Ademais, diversas investigacións realizadas na comunidade autónoma de Galicia mostran que o descanso e o sono, o manexo do diñeiro, así como a participación social, son aspectos especialmente comprometidos, propios do ciclo da violencia de xénero (37).

É por isto que, tal e como afirman Testa e Sampinato (38), “as ocupacións e o cotián poden ser, tanto o medio invisible, eficaz e sutil para reproducir as relacións establecidas, como o medio para desafiar os límites e incrementar e potenciar as liberdades”. É dicir, as ocupacións poden actuar como un medio que tenda a reproducir os roles e as relacións establecidas en torno ao xénero, pero tamén como un medio que favoreza o empoderamento das mulleres sobreviventes.

Os estudos mencionados anteriormente evidencian a actuación que pode desenvolver a Terapia Ocupacional neste ámbito. Neste sentido, cabe

salientar tamén que a Asociación Americana de Terapia Ocupacional (AOTA) realiza no ano 2008 unha declaración de posicionamento sobre a violencia de xénero, a cal promove que a Terapia Ocupacional presenta “o dominio da capacidade das persoas para participar en actividades ou ocupacións significativas da vida diaria, de maneira que apoie a súa plena participación en diversos contextos e afectar positivamente na saúde, no benestar e na satisfacción de estas persoas, neste caso mulleres novas” (39).

Para levar a cabo estas actuacións desde esta disciplina, é necesario ter en conta a particularidade de cada muller, a fase do proceso en que está, o seu grado de conciencia do problema, e as múltiples vivencias que lle levaron ata esa situación. A literatura amosa que existen diversos factores clave que convén ter en conta para realizar este tipo de intervencións, entre os cales se atopan (40):

- **Perspectiva de xénero:** A cal provén da nosa sociedade, xa que unha forma frecuente de ser muller ven definida e determinada por un estereotipo de feminidade tradicional, que inclúe a importancia fundamental de todo o relacionado co sentimental, co apego, e coa creación e o coidado das relacións interpersoais, ata tal punto que moitas mulleres están adheridas a este estereotipo e teñen toda a súa autoestima vinculada a esta tarefa.
- **Desnaturalización da violencia invisible:** Unha necesidade prioritaria para as mulleres que experimentan esta violencia consiste en desvelar todo aquilo que mantiveron oculto, que consideran “normal”, pero que na realidade incentiva a violencia.
- **Posicionamento contra a violencia:** Non existe neutralidade ante unha sobrevivente de violencia de xénero. Traballar con estas mulleres esixe que se teña unha actitude moral de compromiso e solidariedade, é dicir, esixe o entendemento da

inxustiza da experiencia traumática e a necesidade de devolverlle xustiza á muller. Isto contribúe ao posicionamento profesional en contra da violencia.

- **Equipo multidisciplinar e especializado:** Entendendo ao ser humano desde unha visión holística, e como un ser bio-psico-social, e atendendo á gran complexidade que presenta o fenómeno de violencia de xénero, así como ás múltiples necesidades que poden presentar as sobreviventes, o equipo que interveña no proceso debe abarcar un amplo abanico de disciplinas, que teñan coñecementos do campo da violencia de xénero.
- **Toma en consideración de fillas e fillos:** Tanto ás nenas e os nenos que sufriron maltrato físico ou psicolóxico de forma directa como indirecta, presenciando a violencia exercida cara a súa nai, débeseles considerar vítimas directas desa violencia, xa que supón un dano en si mesmas/os, que lles afecta ao seu desenvolvemento.
- **Seguridade das mulleres:** Establecer a seguridade da muller supervivente de violencia de xénero é a primeira tarefa da intervención. Esta é prioritaria sobre todas as demais; de feito, ata que se alcance esta seguridade, non é recomendable comezar con outro tipo de intervencións.

Existen estudos que manifestan a importancia de realizar intervencións desde Terapia Ocupacional que axuden ás mulleres a restablecer ou desenvolver as estratexias necesarias para afrontar a vida diaria a través das ocupacións, aumentando a súa autonomía e proporcionando ferramentas para superar a situación que viven de violencia de xénero (41).

Así mesmo, as accións que se levan a cabo desde esta profesión inclúen traballar no desenvolvemento dun presuposto realista; ou facilitar a

Miradas ocupacionais de mulleres novas superviventes da violencia de xénero.

aprendizaxe de estratexias para a toma de decisións efectivas con respecto ás oportunidades de emprego, ou para a crianza da súa descendencia (39).

Diversidade de profesionais tamén afirman que é de gran relevancia enfocar a práctica á mellora da calidade de vida a través da recuperación de ocupacións perdidas por mor de danos físicos ou mentais que poidan estar impedindo á muller facer cambios positivos na súa vida (42).

Por outra banda, o foco da intervención está centrado en fortalecer a independencia e a participación activa das mulleres en ocupacións ou actividades significativas que aumenten a súa satisfacción persoal, competencia, participación social e calidade de vida (43). Do mesmo xeito, Cage anima á Terapia Ocupacional a desenvolver programas que permitan ás mozas “descubrir o seu potencial para transformar as súas vidas e través da ocupación” (32).

No Protocolo Común Sanitario (44) tamén se establece que a actuación do persoal sanitario debe dirixirse a potenciar a autonomía das mulleres sobreviventes de violencia de xénero, promovendo a súa participación en actividades e redes sociais na creación de vínculos saudables; na aprendizaxe de novas formas de autocoidado, no desenvolvemento de novas capacidades persoais (autoestima e confianza) e na elaboración de novos proxectos de vida.

Para finalizar, cabe comentar que dende a Terapia Ocupacional trabállase directa e indirectamente coas sobreviventes de violencia de xénero e as súas familias nunha variedade de entornos, como hospitais, centros de rehabilitación, centros de enfermería especializada, clínicas de terapia ambulatoria, ou centros de saúde mental (39).

En definitiva, como se comentou anteriormente, a violencia de xénero xera un forte impacto a nivel físico, psicolóxico e ocupacional á sobrevivente, polo que a súa abordaxe debe considerarse, tal e como se manifesta en diversos estudos, desde un enfoque multidisciplinar, para así promover a súa participación ocupacional.

Miradas ocupacionais de mulleres novas superviventes da violencia de xénero.

Existe evidencia sobre a abordaxe desta temática desde a Terapia Ocupacional; sen embargo, a información específica sobre o fenómeno da violencia de xénero en mulleres novas é escasa.

Por todo isto, o presente proxecto nace da necesidade de coñecer e afondar na visión de mulleres novas que experimentaron violencia de xénero desde unha perspectiva ocupacional. Así mesmo, tamén é primordial darlles voz para que pouco a pouco inflúa na sociedade actual o seu discurso, e comezar a visibilizar e evitar as devanditas situacións na nosa comunidade.

2. RERERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. OMS | Género [Internet]. WHO. World Health Organization; [consultado el 4 de diciembre de 2021]. Disponible en: <http://www.who.int/topics/gender/es/>
2. Género y salud [Internet]. [citado 4 de diciembre de 2021]. Disponible en: <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/gender>
3. Krieger N. Genders, sexes, and health: what are the connections—and why does it matter? *International Journal of Epidemiology*. [Internet] 2003; [consultado el 4 de diciembre de 2021] 32(4):652–657. Disponible en: <https://academic.oup.com/ije/articlelookup/doi/10.1093/ije/dyg156>
4. Matud MP, Bethencourt JM, Ibáñez I, López-Curbelo M, Gomà M, Matud MJ, Aguilera L, Grande J. Roles de género y salud de mujeres y hombres. *AMC* [Internet]. 1 de junio de 2009 [consultado 3 de marzo de 2022]; 35(152). Disponible en: <http://www.uhu.es/publicaciones/ojs/index.php/amc/article/view/1224>
5. Zorrilla, B. ¿De qué forma nos influyen los roles de género? | *Generando Igualdad* [Internet]. [consultado 20 de febrero de 2022]. Disponible en: <https://www.generandoigualdad.com/de-que-forma-nos-influyen-losroles-de-genero/>
6. Quintana LIB. Estereotipos de género, entre la modernidad y la arcaicidad. *La pantalla insomne*, 2016 .ISBN 978-84-16458-45-5, págs 1112-1129 [Internet]. Sociedad Latina de Comunicación Social; 2016 [consultado 26 de mayo de 2021]. p. 1112-29. Disponible en: https://www.revistalatinacs.org/15SLCS/2016_libro/052_Banos.pdf
7. García-Calvente ,MMar. Ruiz-Cantero ,MT. Río-Lozano M. Borrell, C. López-Sancho, MP. Desigualdades de género en la investigación en salud pública y epidemiología en España (2007-2014). *Gac*

Sanit [Internet]. 2015 Dic [consultado 3 de marzo de 2022] ; 29(6): 404-411. Disponible en:

<https://dx.doi.org/10.1016/j.gaceta.2015.07.013>

8. Organización de las Naciones Unidas. Igualdad de género [Internet]. 2015 [consultado 26 de diciembre de 2021]. Disponible en: <https://www.un.org/es/sections/issues-depth/genderequality/index.html>
9. Moran M. Igualdad de género y empoderamiento de la mujer [Internet]. Desarrollo Sostenible. [consultado 2 de enero de 2022]. Disponible en: <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/gender-equality/>
10. Preguntas frecuentes: Tipos de violencia contra las mujeres y las niñas [Internet]. ONU Mujeres. [citado 2 de junio de 2021]. Disponible en: <https://www.unwomen.org/es/what-we-do/ending-violence-againstwomen/faqs/types-of-violence>
11. Alonso Zayas, K. Violencia de género: pandemia de la sociedad. Estudios del Desarrollo Social: Cuba y América Latina [Internet]. 2015 [consultado 13 marzo de 2022];3(2):87-98. Recuperado de: <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=552357189002>
12. Graíño CS. La violencia sobre las mujeres en la Edad Media: estado de la cuestión. Clío & Crímen: Revista del Centro de Historia del Crimen de Durango [Internet]. 2008 [consultado 12 de junio de 2022]; (5): 24–38. Disponible en: <https://ojs.ehu.eus/index.php/CC/issue/view/1914>
13. Organización de las Naciones Unidas. Convención sobre la Eliminación de todas las formas de discriminación contra la mujer. [Internet]. 1979 [consultado 3 de diciembre de 2021] Disponible en: <http://www.un.org/womenwatch/daw/cedaw/text/sconvention.htm>

14. Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género. Boletín Oficial del Estado, nº 226, (20 de septiembre de 2007).
15. Organización de las Naciones Unidas: Asamblea General, Declaración sobre la eliminación de la violencia contra la mujer : Resolución de la Asamblea General 48/104 del 20 de diciembre de 1993, 20 Diciembre 1993, A/RES/48/104, disponible en : <https://www.refworld.org.es/docid/50ac921e2.html>
16. Lei 11/2007, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género. Diario oficial de Galicia, nº 152, (7 de agosto de 2007).
17. Molina E. Violencia de xénero e Terapia Ocupacional: unha revisión bibliográfica [Internet]. 2017 [consultado 1 de junio de 2022]. Disponible en: <http://hdl.handle.net/2183/19199>
18. Violencia de género en tiempos de pandemia y confinamiento. Revista Española de Medicina Legal [Internet]. 2020 [consultado 1 de junio de 2022]; 46(3):139–45. Disponible en: <https://www.sciencedirect.com/science/article/abs/pii/S0377473220300250>
19. Ley Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. Boletín Oficial del Estado, nº 313, (28 de diciembre de 2004).
20. ONU Mujeres. Preguntas frecuentes: Tipos de violencia contra las mujeres y las niñas [Internet]. [consultado 1 de junio de 2022]. Disponible en: <https://www.unwomen.org/es/what-we-do/ending-violence-against-women/faqs/types-of-violence>
21. Álvarez Santana C. Coveña C. Bojorque E. La resiliencia, mujeres víctimas de violencia de género y su influencia entre ellas, en edades de 25 a 50 años, en la ciudad de Manta. Identidad Bolivarina

- [Internet].2021. [consultado el 3 de junio de 2022]. 5(1). Disponible en: <http://dx.doi.org/10.37611/IB5o1128-135>
22. Ley 14/2021, de 20 de julio, por la que se modifica la Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género, nº 226, (21 de septiembre de 2021).
23. Lei 15/2021, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. DOG Núm. 237, (13 de diciembre de 2021)
24. Walker LEA. Síndrome de la mujer maltratada. Bilbao Desclée Brouwer.[Internet] 2012 [consultado 3 de diciembre de 2021];16. Disponible en:
<https://www.edesclee.com/img/cms/pdfs/9788433026095.pdf>
25. Instituto Nacional de Estadística. Estadística de Violencia Doméstica y Violencia de Género (EVDVG). [Internet] 2021.[consultado 10 de mayo de 2022]. Diponible en:
https://www.ine.es/prensa/evdvg_2021.pdf
26. Viana Moldes, I. García Pinto,MC. Ávila Álvarez, A. Ocupación alineante versus ocupación significativa. Portal español de terapia ocupacional. [Internet]. [consultado 10 mayo de 2022]. Disponible en:http://www.terapiaocupacional.com/articulos/Ocup_Alienan_vs_ocup_signi.shtml
27. Gomez Lillo S. La ocupación y su significado como factor influyente de la identidad personal. Rev. Chil. Ter. Ocup. [Internet]. 1 de enero de 2003 [citado 12 de junio de 2022];(3):Pág. 43 - 47. Disponible en:
<https://revistaterapiaocupacional.uchile.cl/index.php/RTO/article/view/149>
28. Whiterford G. Occupational deprivation and incarceration. Journal of occupational Science.[Internet].2011.[consultado 3 de marzo de 2022];4(3):126-130.Disponible en:
<https://doi.org/10.1080/14427591.1997.9686429>

29. Rico N. Violencia de género: un problema de derechos humanos. CEPAL. Serie mujer y desarrollo. [Internet]. 1996. [consultado 3 de marzo de 2022]; 16; 7-18. Disponible en: <https://www.cepal.org/mujer/noticias/paginas/3/27403/violenciadegenero.pdf>
30. Rubio MJ, Monteros S. La dinamización comunitaria en el ámbito de la inmigración. Apuntes y propuestas sobre participación, mediación y codesarrollo. La exclusión social: Teoría y práctica de la intervención (pp.99-128). Madrid: CCS.
31. Javaherian H, Krpalek D, Huecker E, Hewitt L, Cabrera M, Brown C, Francis J, Rogers K, Server S. Occupational needs and goals of survivors of domestic violence. [Internet]. 2015 [consultado 7 de mayo de 2022]. 30 (2); 175-186. Disponible en: <https://doi.org/10.3109/07380577.2015.1109741>
32. Cage A. Terapia Ocupacional con Mujeres y Niños Sobrevivientes de Violencia Doméstica: ¿Estamos Cumpliendo Nuestra Herencia Activista? Una revisión de la literatura. Revista británica de terapia ocupacional. [Internet]. 2007 [consultado 7 de mayo de 2022]; 70(5):192-198. Disponible en: <https://doi.org/10.1177/030802260707000503>
33. Mullen PE, Martin JL, Anderson JC, Romans SE, Herbison GP. Childhood sexual abuse and mental health in adult life. *Br J Psychiatry*. [Internet]. 1993 [consultado 13 de mayo de 2022]; 163:721-732. Disponible en: <https://doi.org/10.1192/bjp.163.6.721>
34. Gleason WJ. Mental disorders in battered women: an empirical study. *Violence Vict*. [Internet]. 1993 [consultado 13 de mayo de 2022]; 8(1):53-68. Disponible en: <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/8292565/>
35. Helfrich CA, Aviles A. Occupational therapy's role with victims of domestic violence. *Occupational Therapy in Mental Health*. [Internet].

- 2001 [consultado 13 de mayo de 2022]; 16 (3-4): 53-70. Disponible en: https://doi.org/10.1300/J004v16n03_04
36. Twinley R, Addidle G. Considering violence: the dark side of occupation. *British Journal of Occupational Therapy*. [Internet]. 2012 [consultado el 2 de junio de 2022]; 75(4): 202-204. Disponible en: <https://doi.org/10.4276/030802212X13336366278257>
37. Cagiao Díaz, Y. Estudio cualitativo sobre el fenómeno de la violencia de género en períodos de aislamiento. [Internet]. 2021 [consultado 21 de enero de 2022]. Disponible en: <http://hdl.handle.net/2183/29517>
38. Testa DE, Spampinato SB. Género, salud mental y terapia ocupacional: algunas reflexiones sobre la influencia de la historia de las mujeres y la perspectiva de género en nuestras prácticas. *Rev. Ter. Ocup. Univ- São Paulo*. [Internet]. 2010 [consultado 12 de junio de 2022]; 1;21(2). Disponible en: <https://www.revistas.usp.br/rto/article/view/14101/15919>
39. Occupational Therapy Services for Individuals Who Have Experienced Domestic Violence. *Am J Occup Ther*. [Internet] 2017 [consultado 6 de junio de 2022]; 71(Supplement_2); 1-13. Disponible en: <https://doi.org/10.5014/ajot.2017.716S10>
40. Romero I. Intervención en Violencia de Género: Consideraciones en Torno al Tratamiento. *Psychosocial Intervention* [Internet]. 2010 Jul [consultado 12 de junio de 2022]; 19(2): 191-199. Disponible en: http://scielo.isciii.es/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1132-05592010000200010&lng=es.
41. Javaherian, H., Underwood, R. e DeLany, J. Occupational therapy services for individuals who have experienced domestic violence (statement). *American Journal of Occupational Therapy*. [Internet]. 2007 [consultado 6 de junio de 2022]; 61, 704-709. Disponible en: <https://doi.org/10.5014/ajot.61.6.704>

42. Gutman, SA et al. Enhancing Independence in Women Experiencing Domestic Violence and Possible Brain Injury: An Assessment of an Occupational Therapy Intervention. *Occupational Therapy in Mental Health*. [Internet]. 2004 [consultado 6 de junio de 2022]: 20(1); 49-79. Disponible en: https://doi.org/10.1300/J004v20n01_03
43. Javaherian-Dysinger H, Krpalek D, Huecker E, Hewitt L, Cabrera M, Brown C, et al. Occupational needs and goals of Survivors of Domestic Violence. *Occup Ther Heal Care*. [Internet]. 2016 [consultado 5 de abril de 2022];30:175–86. Disponible en : <https://doi.org/10.3109/07380577.2015.1109741>
44. Salgado, E. Protocolo común para la actuación sanitaria ante la violencia de género [Internet]. 2007 [consultado 12 de junio de 2022]. Disponible en: <https://www.sanidad.gob.es/fr/organizacion/sns/planCalidadSNS/pdf/equidad/protocoloComun.pdf>
45. Herrera J. La investigación cualitativa. [Internet]. 2017 [consultado 12 de junio de 2022] Disponible en: <http://biblioteca.udgvirtual.udg.mx/jspui/handle/123456789/1167>
46. Fuster Guillen DE. Investigación cualitativa: Método fenomenológico hermenéutico. *Propós. represent.* [Internet]. 1 de enero de 2019 [consultado 13 de junio de 2022];7(1):201-29. Disponible en: <https://revistas.usil.edu.pe/index.php/pyr/article/view/267>
47. Organización de las Naciones Unidas. Juventud | Naciones Unidas [Internet]. United Nations. [consultado el 8 de junio de 2022] Disponible en: <https://www.un.org/es/global-issues/youth>
48. Eta Erakunde A, Saila H. Proceso participativo para la elaboración del plan de convivencia y diversidad de Vitoria-Gasteiz. [Internet]. [consultado el 14 de febrero de 2022] Disponible en:

<https://www.vitoria-gasteiz.org/docs/wb021/contenidosEstaticos/adjuntos/es/96/88/69688.pdf>

49. Ochoa S, Martínez-Zambrano F, Vila-Badia R, Arenas O, Casas-Anguera E, García-Morales E, et al. Validación al castellano de la escala de estigma social: Community Attitudes towards Mental Illness en población adolescente. Rev Psiquiatr Salud Ment [Internet]. 2016 [citado 14 de febrero de 2022]; 9(3):150-7. Disponible en: <https://doi.org/10.1016/j.rpsm.2015.02.002>
50. Zamberlán C., Calvetti A., Reinstein de Figueiredo T., Dei Svaldi J., Heckler de Siqueira H.C.. Técnicas de observación y la temática calidad de vida: una revisión integrativa. Enferm. glob. [Internet]. 2011 Oct [consultado 12 de junio de 2022] ; 10(24). Disponible en: <https://dx.doi.org/10.4321/S1695-61412011000400021> .
51. Braun V, Clarke V. Using thematic analysis in psychology. Qual Res Psychol.[Internet].2006 [consultado 20 de mayo de 2022]: 3(2); 77-101. Disponible en: <https://doi.org/10.1191/1478088706qp063oa>
52. Vaismoradi M, Turunen H, Bondas T. Content analysis and thematic analysis: Implications for conducting a qualitative descriptive study. Nurs Health Sci. [Internet]. 2013 [consultado 30 de mayo de 2022]; 15: 398-405 Disponible en: <https://doi.org/10.1111/nhs.12048>
53. Vázquez, ML. Ferreira da Silva, M. Mogollón , AM. Fernandez de Sanmamed , MJ. Delgado , ME. Vargas , I. El rigor en la investigación cualitativa. Introducción a las técnicas cualitativas de investigación aplicadas en salud. Barcelona: Materials 5. p. 85-88.
54. Noreña AL, Alcaraz-Moreno N, Rojas JG, Rebolledo Malpica D. Aplicabilidad de los criterios de rigor y éticos en la investigación cualitativa. Aquichan [Internet]. 11 de septiembre de 2012 [consultado 12 de junio de 2022];12(3). Disponible en:

<https://aquichan.unisabana.edu.co/index.php/aquichan/article/view/1824>

55. Silva-Cancio, I. Soares, J. Criterios y estrategias de calidad y rigor en la investigación cualitativa. CyF.[Internet]. 19 de diciembre de 2020 [citado 13 de junio de 2022]; 260. Disponible en:

<https://revistas.udec.cl/index.php/cienciayenfermeria/article/view/2977>

56. Muñoz Muñoz CG. La labor de la terapia ocupacional en el marco de los determinantes sociales de la salud en Chile. Rev. Chil. Ter. Ocup. [Internet]. 31 de julio de 2014 [citado 14 de junio de 2022];14(1):Pág. 73-80. Disponible en:

<https://revistaterapiaocupacional.uchile.cl/index.php/RTO/article/view/32391>

3. OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** que se propón para esta investigación centrase en coñecer as experiencias de rapazas novas que experimentaron violencia de xénero e como esta situación impactou na súa participación ocupacional, permitindo coñecelas a través da súa propia voz.

Obxectivos específicos:

- Coñecer as vivencias de mozas sobreviventes de violencia de xénero.
- Comprender como impactan estas situacións de violencia na súa vida cotiá tras a ruptura do ciclo da violencia de xénero.
- Analizar as súas necesidades ocupacionais vinculadas ás vivencias relativas á situación de violencia de xénero experimentada.
- Delinear as aportacións que pode brindar a Terapia Ocupacional para abordar estas necesidades.

4. METODOLOGÍA

4.1 Tipo de estudo

A realización deste estudo encóntrase enmarcada nunha investigación de corte cualitativo, xa que se centra na exploración das propias experiencias das mozas novas, escoitando, analizando e recollendo as narracións das súas vivencias e visións (45).

Dentro da investigación cualitativa, o estudo enmárcase nun enfoque fenomenolóxico, xa que trata de “explicar a natureza das cousas, a esencia e a veracidade dos fenómenos”, procurando a comprensión dos diferentes significados, perspectivas e experiencias vividas respecto a un suceso, desde “aquelo que se encontra máis alá do cuantificable” (46).

4.2 Busca e revisión bibliográfica

A busca e revisión bibliográfica comezouse en outubro de 2022 e rematará co fin da investigación. O obxectivo desta fase é procurar o maior número de información posible acerca das seguintes temáticas: mozas novas, violencia de xénero, Terapia Ocupacional e ocupacións significativas.

A información recollida ata o momento recompilouse a través de diferentes bases de datos como **LILACS**, **PubMed**, **SCOPUS** e **Web of Science**; ademais de diferentes revistas de Terapia Ocupacional como a TOG ou a Revista Chilena de Terapia Ocupacional.

Para isto, empregáronse algúns dos seguintes descritores:

- Violence against women
- Gender violence
- Occupational Therapy
- Meaningful occupation

Así mesmo, utilizáronse os operadores boléanos “AND” e “OR” para relacionar os devanditos termos.

4.3 Ámbito de estudo

O presente traballo realizarase con mulleres novas residentes na comunidade autónoma de Galicia, que viviran no pasado unha experiencia ou unha situación de violencia de xénero. O INE amosa que esta comunidade autónoma aumentou o número de sobreviventes un 2,5% (25). Enténdese por mulleres novas aquelas que oscilen entre a idade de 15 a 24 anos. Neste proxecto centrarémonos en aquelas que sexan maiores de idade e que teñan a idade máxima exposta pola ONU, é dicir 24 anos (47).

4.4 Selección de participantes

A selección das participantes farase mediante unha mostraxe non probabilística teórica e intencionada. É dicir, as participantes serán elixidas a través de medios non aleatorios e ademais a persoa investigadora tomará un papel activo á hora de establecer o foco naquelas persoas máis interesantes para os obxectivos marcados e a investigación.

Tendo en conta o anterior, a selección das mulleres que participarán neste estudo, levarase a cabo segundo as premisas que se recollen na Táboa I.

Táboa I: Criterios de inclusión y exclusión. Fonte: Elaboración propia.

CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
Ser muller cunha idade comprendida entre os 18 e os 25 anos.	Experimentar na actualidade unha situación de violencia de xénero.
Ser sobrevivente dunha situación de violencia de xénero, segundo se define na lei autonómica galega.	Atoparse nunha situación de incapacidade legal.
Existir unha ruptura do ciclo da violencia de xénero experimentada.	
Residir na comunidade autónoma de Galicia	

4.5 Entrada ao campo

A entrada ao campo farase na comunidade Autónoma de Galicia, a través do contacto con diferentes entidades de referencia nesta comunidade, como serían os Centros de Información ás Mulleres (CIM), e tamén con asociacións que se dedican á atención a mulleres que viven ou viviron violencia de xénero. En concreto, elixíranse dous centros de referencia en cada provincia, os cales serán seleccionados de forma aleatoria.

Unha vez se contacte coas entidades, solicitarase ás súas profesionais a colaboración para que axuden a dar a coñecer o estudo entre as mulleres ás que atenden, e faciliten a selección das participantes, as cales deberán cumprir cos criterios de inclusión establecidos. Isto farase a través da entrega por escrito da Folla de información para as participantes (Apéndice II), que explica de maneira detallada todas as características do estudo, ademais do Documento de consentimento informado (Apéndice III) e o Compromiso de confidencialidade (Apéndice IV), mediante o cal cada participante poderá deixar constancia da súa voluntariedade para participar na investigación.

Despois aplicarase a estratexia de “bola de neve” para que, aquelas mulleres que queiran participar, poidan facilitar o contacto con outras mulleres que coñezan que se atopen na mesma situación. Esta é unha técnica utilizada na investigación cualitativa, sobre todo cando se realizan entrevistas individuais, que permite conseguir outras participantes mediante o contacto facilitado polas primeiras persoas que van ser entrevistadas (49).

4.6 Técnica e recollida dos datos

Para estudar o impacto ocupacional experimentado por mulleres novas tras unha experiencia de violencia de xénero, empregáranse tres técnicas de recollida de datos: a entrevista, a observación e o caderno de campo.

En primeiro lugar, a recollida de datos desenvolverase a través dunha **entrevista**, levada a cabo pola investigadora principal. Cabe destacar, que a entrevista é unha técnica de gran utilidade na investigación cualitativa para a obtención de datos.

A entrevista será semiestruturada (49) xa que permite que haxa un maior grado de flexibilidade, debido a que se parte de preguntas previamente planeadas, que poden axustarse ao desenvolvemento de cada entrevista. A súa principal vantaxe é a posibilidade de adaptarse ás participantes para motivalas, aclarar termos, identificar ambigüidades e reducir formalismos.

Como se pode observar no guión da entrevista semiestruturada (Apéndice V), a primeira parte da entrevista consiste nunha recollida de datos sociodemográficos. A continuación, aparecen un conxunto de preguntas encamiñadas a coñecer a súa experiencia pasada en torno á situación de violencia de xénero experimentada, e o impacto na súa cotidianidade na actualidade. Por último, inclúese un apartado final que permite a cada participante comentar e expresar todo aquilo que anteriormente non se lle preguntara ou non fose tratado ao longo da entrevista.

Esta levarase a cabo nun lugar pactado entre a investigadora e as participantes, co fin de promover un ambiente máis cómodo para elas. No caso de non atopar un lugar axeitado no entorno próximo dalgunha das participantes, o encontro levarase a cabo nas instalacións da Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña, previa autorización do seu equipo directivo.

A entrevista será gravada utilizando un dispositivo electrónico, co consentimento previo da muller que se está a entrevistar. Así mesmo realizarase de forma individual, é dicir, só estarán presentes a investigadora principal e a muller entrevistada.

Outra das técnicas que se empregará para a recollida de información é a **observación**; a cal permite obter información non verbal das participantes no seu día a día na entidade, tal como xestos, reaccións, comportamentos, participación en actividades, etc. Enténdese a observación como unha

técnica de colecta de datos que capta información e utiliza os sentidos na obtención de determinados aspectos da realidade, a través da observación directa dos feitos ou fenómenos que se desexan investigar.(50)

Por último, utilizarase o **caderno de campo**, o cal é unha ferramenta ou técnica que se utiliza na investigación cualitativa para poder rexistrar e describir as impresións recibidas e as decisións asumidas ao longo da investigación, así como aquelas cuestións máis relevantes relativas ao avance do estudo. Deste xeito, pérdese menos información, a cal se pode aproveitar para futuras investigacións.

4.7 Análise dos datos

Utilizarase como método de análise dos datos a análise temática, que se define como “un método para identificar, analizar e reportar patróns (temas) dentro dos datos” (51). A análise temática é considerada unha ferramenta de investigación flexible e útil, que facilita unha minuciosa descrición dos datos. Permite indagar e identificar no conxunto das entrevistas puntos comúns entre elas (52).

Realizarase seguindo as seis fases diferenciadas do proceso analítico, definidas polas autoras Braun e Clarke (51). Todas estas serán realizadas de forma conxunta coas titoras do proxecto de investigación, co fin de asegurar a triangulación na análise dos datos.

- **Fase I: Familiarización cos datos**

Para a familiarización cos datos obtidos das entrevistas con cada unha das participantes, realizarase en primeiro lugar unha escoita atenta e exhaustiva de cada unha das gravacións, seguida dunha segunda escoita destinada á súa transcripción a un documento de texto,. Tras isto, realizarase unha terceira escoita de cada entrevista co fin de corrixir posibles erros e verificar que a transcripción foi totalmente literal. Por último, farase unha reflexión acerca da información obtida.

- **Fase II: Xeración de código iniciais**

Unha vez realizada a primeira fase, tratarase de crear códigos iniciais a partir dos datos obtidos. Estes códigos representarán as características principais da información recompilada.

- **Fase III: Busca de temas**

Nesta fase, estruturaranse grupos de códigos e categorías orixinadas a partir dos datos e información obtidos previamente, e analizaranse e agruparanse por temáticas.

- **Fase IV: Revisión dos temas**

Esta fase implica dúas revisións dos temas. En primeiro lugar, leranse os datos dentro de cada tema e considerase se forman un patrón coherente. De seguido, especificarase a información para non esquecer ningún dato de interese. Así mesmo, realizarase un mapa temático (entendido como “unha presentación visual de temas, códigos e as súas relacións”), onde se poderán observar as similitudes entre os discursos de cada unha das participantes.

- **Fase V: Definición e nomeamento dos temas**

Esta fase consiste en definir e refinar, é dicir, identificar o esencial dos temas, explorando de maneira concisa se dentro de cada tema existen subtemas. Os nomes elixidos para cada tema deberán ser concisos e contundentes, procurando que amosen inmediatamente ás persoas lectoras unha idea do que vai tratar.

- **Fase VI: Elaboración do informe final**

Realizarase unha análise final e redactarase un informe que proporcionará información específica, coherente e lóxica sobre o fenómeno de estudo.

4.8 Criterios de rigor

O rigor é un concepto transversal no desenvolvemento dunha investigación, que permite valorar a aplicación escrupulosa e científica dos métodos de investigación, así como das técnicas de análise para a obtención e a interpretación dos datos (53).

Para satisfacer os criterios de rigor metodolóxico, utilizaranse diversos mecanismos (54), que se especifican a continuación.

- **Adecuación teórico-metodolóxica:**

Este é un criterio fundamental a ter en conta, sobre todo na fase de deseño dunha investigación cualitativa. A coherencia epistemolóxica do estudo consiste na correspondencia adecuada do problema e a teoría utilizada para entender este problema. Para alcanzar este criterio de rigor, necesitarase a utilización dun dos mecanismos de revisión, a de problema-método-deseño (54)

- **Credibilidade:**

Este criterio de credibilidade ou valor da verdade, tamén denominado autenticidade, refírese a “como os resultados dunha investigación son verdadeiros para as persoas que foron estudadas e para outras persoas que experimentaron o estado en contacto co fenómeno estudado”. Neste caso, recolleranse os datos e a información como se explica anteriormente, a través da entrevistas coas participantes, ademais da observación e o caderno de campo. A credibilidade, como criterio de rigor, tamén necesita uns mecanismos pa ser alcanzada, os cales son: revisión problema-método-deseño, deseño adecuado da mostra, recollida de datos sistemática e intensa, desenvolvemento sistemático e descrición da análise, descrición detallada de todo o proceso, revisión dos resultados cos grupos e suxeitos participantes, análise externa, triangulación e casos negativos (53).

- **Transferibilidade ou aplicabilidade:**

A través deste criterio, trátase de examinar que tanto se axustan os resultados noutro contexto. Para isto, é necesario realizar unha descrición detallada do lugar e das características das persoas onde o fenómeno foi estudado, e a realización dunha triangulación. Así mesmo, o grao de transferibilidade ou aplicabilidade é “ unha función directa da similitude entre os contextos onde se realiza o estudo”. (55)

- **Fiabilidade ou consistencia:**

A fiabilidade refírese á “posibilidade de replicar o estudo, isto é, que un investigador empregue os mesmos métodos e estratexias de recolección de datos que outro, e obteña resultados similares. Este criterio asegura que os resultados representen algo verdadeiro e inequívoco, e que as respostas que proporcionan as/os participantes son independentes das circunstancias da investigación”. Para isto, utilizarase a triangulación de perspectivas entre a análise da investigadora principal e as directoras do proxecto, a revisión por parte dun(ha) analista externa/o, unha descrición detallada do proceso, un desenvolvemento sistemático e descrición da análise, e unha recollida de datos sistemática e intensa (53, 54, 55).

- **Confirmabilidade ou reflexividade:**

Trata de ter en conta como o proceso e o equipo investigador influíron sobre os resultados. Fai expresivas as opinións propias con respecto á situación estudada e a estratexia de investigación para analizar de que maneira puido influír nos resultados. Os mecanismos necesarios para alcanzar este criterio son: triangulación, análise externa, revisión dos resultados cos grupos e suxeitos participantes, descrición detallada de todo o proceso, recollida de datos sistemática e intensa, e por último, desenvolvemento sistemático e descrición da análise.(55)

- **Relevancia:**

A relevancia refírese á correspondencia entre á xustificación ou o porqué da investigación, e os resultados ou as consecuencias desta. Avalíase a partir do logro dos obxectivos planeados no proxecto. Ademais, este criterio de rigor tamén fai referencia aos aportes de novos descubrimentos e a contribución para a configuración de novos marcos conceptuais. Para cumprir con este criterio, será necesario realizar unha descrición detallada de todo o proceso. (55)

4.9 Aplicabilidade

A realización deste proxecto proporcionará á comunidade científica unha nova proposta de investigación. Así mesmo, permitirá unha maior sensibilización e concienciación sobre o tema da violencia de xénero e as vivencias de mulleres novas, a todas aquelas persoas que accedan a ler este documento.

Así, os resultados que se obterán cando se leve a cabo esta investigación permitirán dar a coñecer vivencias e situacións de mulleres novas, que experimentaron violencia de xénero, fomentando o coñecemento e a intervención neste ámbito.

5. PLAN DE TRABAJO

A realización deste estudo comprende un período de tempo que vai desde outubro de 2021 a decembro de 2022. A continuación, enuméranse as fases que se seguirán para a realización do proxecto, acompañadas dunha táboa na que se mostra o cronograma do estudo (Táboa II).

Fase 1: Procura e revisión bibliográfica. Terá lugar durante toda a duración do proxecto.

Fase 2: Deseño do estudo. Desenvolveuse dende outubro de 2021 a maio de 2022.

Fase 3: Solicitude de avaliación ao Comité de Ética. Previsiblemente, terá lugar entre os meses de xuño e xullo de 2022.

Fase 4: Entrada ao campo. Levarase a cabo entre os meses de xullo e setembro de 2022.

Fase 5: Recollida dos datos. Farase entre setembro e outubro de 2022.

Fase 6: Análise de datos. Levarase a cabo simultaneamente coa recollida de datos, prolongándose ata o mes de novembro de 2022.

Fase 7: Elaboración do informe final. Inclúiranse os resultados e as conclusións obtidas, e realizarase no mes de novembro de 2022.

Fase 8: Difusión de resultados. Farase no mes de decembro de 2022.

Cabe destacar que todas as fases serán levadas a cabo pola alumna investigadora, baixo a supervisión das titoras do traballo. Ademais, estas participarán de forma máis activa nas Fases 6 e 8. Así mesmo, nas Fases 4 e 5 precisarase da colaboración de profesionais das entidades seleccionadas para a entrada ao campo.

Táboa II : Fases do proxecto de investigación. Fonte: Elaboración propia.

ANO	2021			2022											
Fases do proxecto / meses	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUN	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
Procura e revisión bibliográfica	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●
Deseño do estudo	●	●	●	●	●	●	●	●							
Solicitude ao comité de ética									●	●					
Entrada ao campo										●	●	●			
Recollida de datos												●	●		
Análise de datos												●	●	●	
Elaboración de informe final														●	
Difusión de resultados															●

6. ASPECTOS ÉTICOS-LEGAIS

Para este estudo tivéronse en conta as seguintes consideracións éticas:

- Este estudo cumpre coas “Normas de boa práctica clínica” e cos principios éticos para investigacións con seres humanos establecidos na “Declaración de Helsinqui da Asociación Médica Mundial”, do ano 1964, así como coas “Pautas éticas internacionais para a investigación biomédica en seres humanos”, elaboradas polo Consello de Organizacións Internacionais das Ciencias Médicas en colaboración coa OMS.
- Tamén ten en conta en todo momento o Código ético de Terapia Ocupacional da Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais (WFOT, 2016), o cal se rexe polos seguintes principios e valores: autonomía, autodeterminación, non maleficencia e máxima beneficencia, honestidade, confidencialidade, fidelidade, solidariedade e dignidade.
- Respectarase ao longo de todo o estudo a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, para o tratamento, comunicación e cesión dos datos así como a confidencialidade, e o Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos persoais e á libre circulación deses datos.
- Para manter o anonimato das mulleres participantes no estudo, asinaráselles a cada unha un pseudónimo, o cal será recoñecido unicamente pola investigadora principal.
- Unha vez finalizada a análise da información, destruíranse todos os datos obtidos previamente, incluídas as gravacións en audio das entrevistas.
- Durante todo o proceso gardarase o anonimato das participantes e a confidencialidade da información obtida nas entrevistas. As transcripcións das mesmas serán nomeadas con códigos, e ningunha

destas incluíra referencias que permitan a identificación das entrevistadas.

- Realízase o proceso de solicitude de avaliación ao Comité de Ética da Investigación e da Docencia da Universidade da Coruña.
- Finalmente, tamén se levará a cabo de forma individualizada con cada moza participante no estudo o proceso de Consentimento informado. Así, antes de comezar coas entrevistas, informarase detalladamente sobre os obxectivos do estudo tanto a nivel oral como escrito, a través da entrega da Folla de información para as participantes (Apéndice II). Elas dispoñerán do tempo necesario para comprender a finalidade do estudo e aclararanse todas as dúbidas que poidan xurdir. A continuación, farase entrega do Documento de Consentimento Informado (Apéndice III), para que as mulleres poidan deixar constancia da súa voluntariedade para participar na investigación. Unha vez firmado, darase comezo ás entrevistas. A elaboración destes documentos realizouse seguindo a Guía de elaboración do Documento de información, Compromiso de Confidencialidade e Consentimento Informado para participantes de proxectos e traballos da investigación, do Comité de Ética da Investigación e da Docencia da Universidade da Coruña.

7. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS

Unha vez levaba a cabo a investigación, os principais resultados que se obteñan poderán ser difundidos nos seguintes medios, co fin de dar a coñecer a información á comunidade científica.

Así, contéplase a publicación deste estudo en diferentes congresos e revistas de carácter nacional e internacional, relacionadas coa temática de estudo.

Ademais, poderíanse realizar outras accións para dar a coñecer e poder transmitir a información a un maior número de persoas e conciencialas sobre a temática do proxecto de investigación, sen ningún tipo de distinción en canto ao público ao que vai ser exposto, a través de:

- Realizar xornadas de portas abertas en diversos concellos da comunidade autónoma de Galicia.
- Organizar charlas en institutos, para concienciar ao público adolescente da problemática que a día de hoxe segue existindo en torno á violencia de xénero.
- Realizar e crear páxinas web e redes sociais que permitan visibilizar os avances no estudo.

7.1 Congresos

- VIII Congreso Universitario Internacional Investigación y Género
- VII Congreso internacional de jóvenes investigadores con perspectivas de género. (Universidade Rei Juan Carlos, Madrid.)
- VII Congreso Internacional de Terapia Ocupacional de la universidad Miguel Hernández (CITO). Proposto para maio de 2023.
- 2º Congreso internacional de género y educación
- XI Congreso argentino de Terapia Ocupacional. Córdoba-2023.

7.2 Revistas nacionales

- Revista de Terapia Ocupacional de Galicia: TOG
- Revista asturiana de Terapia Ocupacional: Therapeutica
- Revista de la Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionales: APETO
- Revista de Terapia Ocupacional de Castilla y León
- Revista multidisciplinar de estudios de género: FEMERIS.

7.3 Revistas Internacionais

- British Journal of Occupational Therapy.
 - JCR (2020): 1243. Cuartil: Q4. Posto: 67/74
 - SJR (2021): 0.372 Cuartil: Q2.
- Journal of Occupational Science.
 - JCR (2020): 2708. Cuartil: Q2. Posto: 99/203
 - SJR (2021); 0.442. Cuartil :Q2.
- Scandinavian Journal of Occupational Therapy
 - JCR (2020): 2611. Cuartil: Q1. Posto: 16/74
 - SJR (2021): 0.579. Cuartil: Q2.
- American Journal of Occupational Therapy
 - JCR (2020): 2246. Cuartil: Q2. Posto:33/74
 - SJR (2021): 0.657. Cuartil: Q1.
- Canadian Journal of Occupational Therapy
 - JCR (2020): 1614. Cuartil: Q4. Posto: 55/68
 - SJR (2021): 0.405. Cuartil: Q2.

8. FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN

8.1 Recursos necesarios

Neste apartado, explicarase de maneira breve os recursos necesarios para levar a cabo este proxecto de investigación, ademais de expoñer unha táboa (Táboa III) con cada un dos conceptos para os que se solicita financiación e o seu correspondente custo económico.

Infraestrutura

A infraestrutura refírese ao lugar no cal se van levar a cabo as entrevistas.

- Segundo o caso, pódense empregar as instalacións propias de cada entidade, se así o autorizan e se se considera que contan coas condicións propicias para levar a cabo as entrevistas nun ambiente de calma e intimidade.
- Instalacións da Facultade de Ciencias da Saúde, nos casos en que sexa preciso, por exemplo, cando algunha entidade non dispoña dun espazo axeitado, ou no caso de que a facultade estea máis próxima á situación xeográfica da moza. Neste caso, requirirase a autorización do seu equipo directivo.
- Lugar concertado con cada participante, diferente aos dous anteriores, se así o solicitan, co fin de respectar as súas preferencias e asegurar a súa comodidade e sensación de seguridade.

En canto ao coste, non se precisaría financiación para este concepto, porque ao empregar eses espazos (cedidos polas entidades ou pola Facultade) ou outros de carácter público, non faría falta ter que facer ningún gasto de infraestruturas.

Recursos Humanos

Os recursos humanos utilizados nesta investigación serán unha terapeuta ocupacional a media xornada durante 9 meses. O importe solicitado para a súa contratación inclúe os gastos derivados da Seguridade Social e da finalización de contrato, e foi calculado a través da Calculadora de contratos de investigación da Universidade da Coruña.

Material Inventariable

En canto ao material inventariable, será necesario un ordenador portátil con conexión a internet, un teléfono móbil, unha gravadora dixital, e unha impresora.

Material Funxible

Como material funxible utilizaranse folios e bolígrafos.

Débense ter en conta, cales serán os gastos que se correspondan ao desenvolvemento do estudo de investigación. Así, o presuposto estimado para o proxecto é de **17.827.19€**, tal como se mostra na **Táboa III**.

Táboa III: Financiamento do proxecto. Fonte: Elaboración propia.

RECURSOS NECESARIOS		COSTE
Infraestrutura	Facultade de Ciencias da Saúde ou entidade colaboradora	0€
Recursos Humanos	Terapeuta Ocupacional a media xornada	10.705,89€
Material inventariable	Ordenador portátil con acceso a internet	300€
	Gravadora dixital	109,65€
	Teléfono móbil	200€
	Impresora	70€
Material funxible	2 paquetes de 500 folios	7,10€
	4 Bolígrafos	4€
	Tinta de impresora	30€
Difusión dos resultados	Inscripción a congresos	4.000€
	Viaxes e dietas	800€
Outros	Imprevistos do 5% do total	1.600,55€
TOTAL		17.827,19€

8.2 Posibles fontes de Investigación:

Co fin de conseguir a financiación necesaria para levar a cabo este estudo, solicitaranse algunhas das seguintes axudas e bolsas de investigación:

- **Bolsa COTOGA de axuda á investigación en Terapia Ocupacional:** axuda de investigación para a promoción de estudos de investigación levados a cabo por terapeutas ocupacionais en calquera dos seus ámbitos de actuación. Concede unha axuda de 1.500€ brutos. Entidade: Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia (COTOGA).
- **Axudas a proxectos de Investigación en Terapia Ocupacional:** encamiñadas a promocionar proxectos de investigación que poidan levar a cabo profesionais de Terapia Ocupacional, en calquera dos seus ámbitos de actuación. Concédense dúas axudas de 1.800€ cada unha, estando unha dirixida preferentemente a persoas colexiadas neste organismo. Entidade: Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Extremadura (COPTOEX).
- **Axudas de investigación no ámbito de Terapia Ocupacional:** axudas destinadas á realización de estudos de investigación de calquera ámbito da Terapia Ocupacional. Concede unha axuda de 2.000€. Entidade: Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Castilla-La Mancha (COFTO-CLM).
- **Axudas a proxectos de investigación en Terapia Ocupacional:** axudas a terapeutas ocupacionais ou a equipo multidisciplinares dirixidos por profesionais desta disciplina. Conceden unha axuda de 1.000€. Entidade: Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Castilla y León (COPTOCYL).
- **Subvencións do Instituto da muller:** destinadas á realización de post-graos de estudos de xénero e actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- **Axudas á investigación de Ignacio H. de Larramendi:** axuda destinada a apoiar investigacións do ámbito académico e profesional, que desexen desenvolver programas de intervención de forma independente ou no marco de universidades, hospitais, empresas ou centros de investigación, nos ámbitos de promoción da saúde ou seguros e previsión social. Teñen unha dotación máxima de 30.000€. Entidade: Fundación MAPFRE.

9. AGRADECIMENTOS

Ás miñas titoras Laura e Nereida, pola confianza depositada en min, polas ensinanzas, polos ánimos, o cariño e a paciencia que tiveron comigo ao longo deste proceso.

A mamá e a papá, por educarme en valores, pola liberdade e a confianza que me destes para chegar ata aquí, e por darme todas as ferramentas necesarias para ser quen son a día de hoxe. Todo o que son, é gracias a vos.

Ás “cativas e cativos” de Viveiro, por apoiarme en cada paso que din ao longo da miña vida, e por saber definir entre nós o que é a palabra “amizade”.

Á miña familia de Coruña, que comezamos cerrando as discotecas e acabamos cerrando as bibliotecas, por cada paso que demos todas e todos xuntos para chegar a onde estamos, que bueno como xa sabedes, esta vida pide outra!

A ti, por facerme crecer como persoa, por quererme como me queres, e sobre todo, por ser o meu compañeiro de vida, estou moi contenta de que puideras compartir comigo o que é a Terapia Ocupacional, e todo o que esta gran disciplina nos pode axudar.

E sobre todo, a todas esas mulleres, rapazas e nenas que loitan dende a paz e a sororidade por un mundo sen desigualdade, discriminación e sen a maldita violencia de xénero; por darlles voz a aquelas que xa non o poden facer.

APÉNDICES

Apéndice I: Lista de abreviaturas e acrónimos

AOTA: American Occupational Therapy Association

APETO: Asociación Profesional Española de Terapeutas Ocupacionais

CIM: Centro de Información ás Mulleres

CITO: Congreso Internacional de Terapia Ocupacional

COFTO- CLM: Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Castilla-La Mancha

COPTOCYL: Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Castilla y León

COPTOEX: Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Extremadura

COTOGA: Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia

FEMERIS: Revista Multidisciplinar de Estudos de Género

INE: Instituto Nacional de Estatística

JCR: Journal Citation Reports (Factor de Impacto)

LILACS: Literatura Americana e do Caribe en Ciencias da Saúde

ODS: Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

ONU: Organización das Nacións Unidas

OMS: Organización Mundial da Saúde

TOG: Revista Terapia Ocupacional de Galicia

SJR: SCImago Journal Rank

WFOT: World Federation of Occupational Therapists

Apéndice II: Documento informativo para a participante

*A investigación para a cal lle pedimos a súa participación titúlase: “**Miradas ocupacionais de mulleres novas superviventes de violencia de xénero**”.*

A información básica que debe coñecer é a seguinte:

Equipo investigador

O equipo investigador está conformado pola investigadora principal, Noa López Castro, estudante do Grao en Terapia Ocupacional, e por Nereida María Canosa Domínguez e Laura Nieto Riveiro, docentes e terapeutas ocupacionais da Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña (UDC).

Obxectivo e utilidade do estudo

O obxectivo xeral que se propón para esta investigación centrase en coñecer as experiencias de rapazas novas que experimentaron violencia de xénero e como esta situación impactou na súa participación ocupacional, permitindo coñecelas a través da súa propia voz.

Obxectivos específicos:

- Coñecer as vivencias de mozas sobreviventes de violencia de xénero.
- Comprender como impactan estas situacións de violencia na súa vida cotiá tras a ruptura do ciclo da violencia de xénero.
- Analizar as súas necesidades ocupacionais vinculadas ás vivencias relativas á situación de violencia de xénero experimentada.
- Delinear as aportacións que pode brindar a Terapia Ocupacional para abordar estas necesidades.

Deste modo, a realización deste estudo permitirá coñecer como impactan as vivencias vinculadas á violencia de xénero das mozas novas no seu día a día, e darlles voz para concienciar á nosa sociedade, co fin de que desaparezan estas situacións.

Selección das persoas participantes

CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
Ser muller cunha idade comprendida entre os 18 e os 25 anos.	Experimentar na actualidade unha situación de violencia de xénero.
Ser sobrevivente dunha situación de violencia de xénero, segundo se define na lei autonómica galega.	Atoparse nunha situación de incapacidade legal.
Existir unha ruptura do ciclo da violencia de xénero experimentada.	
Residir na comunidade autónoma de Galicia	

Metodoloxía que se utilizará para o estudo, tipo de colaboración da persoa participante e duración da dita colaboración

Este estudo encóntrase enmarcado nunha investigación de corte cualitativo, xa que se centra no estudo e na exploración das propias experiencias das mozas novas, escoitando, recollendo e analizando as narracións das súas vivencias e percepcións.

Ademais, dentro da investigación cualitativa, o estudo enmárcase nun enfoque fenomenolóxico, xa que trata de “explicar a natureza das cousas, a esencia e a veracidade dos fenómenos”, procurando a comprensión dos diferentes significados, perspectivas e experiencias vividas respecto a un suceso desde “aquelo que se encontra máis alá do cuantificable”.

Para levar a cabo o devandito estudo, utilizarase unha entrevista semiestruturada conformada por un conxunto de preguntas abertas relativas á situación de violencia vivida e o impacto desta situación na actualidade. Esta entrevista terá unha duración aproximada de entre 30 e 60 minutos, aínda que dependerá do aportado por cada participante.

Ademais, de ser posible, agradeceríase a posibilidade de contactar coa participante con posterioridade para conseguir novos datos se fose preciso.

Tipo de información

Solicitarase, se é posible, a resposta a unha entrevista semiestructurada sobre a súa experiencia como supervivente da violencia de xénero, na cal se vai facer unha gravación de audio, para facilitar a súa posterior transcripción.

Posibles molestias e riscos para a persoa participante

Esta investigación non supón ningún risco, pero si posibles molestias; derivadas do tempo dedicado a realización da entrevista, ou das temáticas abordadas, xa que poden xerar certas emocións difíciles de xestionar, ao ter que recordar vivencias pasadas negativas.

Medidas para responder aos acontecementos adversos

Se en algún momento ao longo da entrevista, aparecen algunhas das molestias explicadas no apartado anterior, procederase a parar a entrevista, sempre respectando a súa decisión de proseguir ou non con ela.

Así mesmo, en calquera caso, para que a participante comunique calquera efecto adverso asociado á participación, comunicaráselle o contacto de correo electrónico ou o número de teléfono de algunha das investigadoras.

Posibilidade de compensación

A persoa participante desta investigación non obterá ningún tipo de compensación pola súa participación no estudo.

Decisión de non participar

A decisión de non participar neste estudo de investigación non afectará en ningún caso á relación coas investigadoras.

Retirada da investigación

A participante poderá abandonar a investigación en calquera momento sen dar explicacións, e sen que teña ningunha consecuencia. O único que ten que facer é asinar a revogación do consentimento informado que se inclúe

ao final do documento, no cal deberá indicar se desexa que os datos obtidos ata ese momento sexan retirados, sempre que sexa posible. De non ser así, eses datos poderían ser utilizados polo equipo investigador.

Previsión do uso posterior dos resultados

Os resultados obtidos desta investigación utilizaranse meramente con fins académicos e científicos. Por unha banda, empregaranse para a realización do Traballo de Fin de Grao de Terapia Ocupacional da alumna Noa López Castro, o cal será publicado no Repositorio dixital da UDC, onde poderá acceder e consultar ao completo o traballo de investigación. Por outra banda, intentaranse difundir de forma resumida en revistas ou congresos científicos, ou a través da importación dalgunha charla ou conferencia.

Acceso á información e aos resultados da investigación

A persoa participante ten o dereito de acceder tanto aos resultados xerais da investigación, como a aquela información que lle afecte directamente, a través de correo electrónico.

Datos de contacto para aclaracións ou consultas

Para máis información pode contactar coa investigadora principal, **Noa López Castro**, chamando ao _____ ou a través do correo electrónico _____.

Se así o desexa, tamén pode contactar coas titoras **Nereida Canosa Domínguez** e **Laura Nieto Riveiro** a través dos seus correos electrónicos:

_____.

Gracias pola súa colaboración.

Apéndice III: Compromiso de confidencialidade

Medidas para asegurar o respecto á intimidade e á confidencialidade dos datos persoais

Adoptáronse as medidas oportunas para garantir a completa confidencialidade dos seus datos persoais, conforme ao que dispón a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos necesarios para levar a cabo este estudo serán recollidos e conservados de modo pseudonimizado (ou codificado), é dicir, que os datos serán tratados de maneira que non se poidan atribuír a unha persoa participante sen que se use información adicional. Neste estudo, soamente o equipo investigador coñecerá o código que permitirá saber a súa identidade.

No uso que se realice dos resultados do estudo con fins de docencia, investigación, publicación e/ou divulgación respectarase sempre a debida confidencialidade dos datos de carácter persoal, de modo que as mulleres participantes non resultarán identificadas ou identificables.

Ademais, utilizaranse gravacións de audio para o desenvolvemento da investigación, e explicarase o uso deste material, así como o seu tratamento, de forma que garanta a confidencialidade de cada participante.

Dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición dos seus datos

A participante terá **dereito de acceso** a obter a confirmación sobre os datos e información que se están tratando, ademais do **dereito a rectificación**, solicitando así dita rectificación dos datos cando sexan inexactos.

Por outra banda, terá **dereito de supresión ou esquecemento** dos datos e da información; **dereito de oposición**, opoñéndose así, a que os datos obtidos sexan obxecto de estudo; **dereito á limitación do tratamento**, limitando a responsable do estudo, os datos e información da participante e por último, terá o **dereito á portabilidade** dos datos, recibindo os datos que proporcionou nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, ou que sexan transmitidos directamente a un terceiro.

Para exercer estes dereitos, proporcionaráselle o número de teléfono, o enderezo postal e o correo electrónico, así mesmo, tras exercicio destes dereitos a persoa participante na investigación recibirá unha resposta por escrito.

Polo contrario esta investigación, realízase de forma anónima polo tanto para ditos datos non exercen os dereitos anteriormente nomeados, debido a imposibilidade de relacionar a información recollida cunha persoa física identificada ou identificable

Cesión, reutilización e período de retención dos datos

Nalgunhas ocasións, os datos obtidos nesta investigación poderían ser útiles para outras investigacións. Por este motivo, ao final deste documento, solicítaselle expresamente a súa autorización para o uso dos seus datos en futuros estudos.

En caso de que non autorice este uso, unha vez finalizada esta investigación, os seus datos serán destruídos.

Apéndice IV: Consentimento informado

Dona _____, maior de idade, con DNI
_____ e domicilio en _____.

DECLARO que

Recibín información suficiente sobre as características do estudo	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Lin a folla de información que me entregaron	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Puiden realizar observacións ou preguntas e fóronme aclaradas as dúbidas	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Comprendín as explicacións que se me facilitaron e en que consiste a miña participación no estudo	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Sei como e a quen me dirixir para realizar preguntas sobre o estudo no presente ou no futuro	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Recibín información suficiente sobre os riscos asociados á miña participación	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Teño coñecemento de que non cumpro ningún dos criterios de exclusión como participante e que se isto cambiase ao longo do estudo débollo facer saber ao equipo de investigación	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Confirmo que a miña participación é voluntaria	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Comprendo que podo revogar o consentimento en calquera momento sen ter que dar explicacións e sen que repercuta negativamente na miña persoa	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>

CONSINTO

Participar no estudo	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se utilicen os datos facilitados para a investigación	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se utilicen os datos facilitados en publicacións científicas	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se utilicen os datos facilitados en reunións e congresos	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se utilicen os datos facilitados para a docencia	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se realicen fotografías para a obtención dos datos	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se grave en audio para a obtención dos datos	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se grave en vídeo para a obtención dos datos	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se utilicen citas textuais das miñas intervencións, sen identificar, con fins de docencia	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se utilicen citas textuais das miñas intervencións, sen identificar, en publicacións	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se use material sensible (fotografías, audio, vídeo) con fins de docencia	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se use material sensible (fotografías, audio, vídeo) en publicacións	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se conserven os datos de forma anónima ao finalizar o estudo para o seu uso en futuras investigacións	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que se conserven os datos codificados ao finalizar o estudo para o seu uso en futuras investigacións sempre que garantan o tratamento dos datos conforme a este consentimento	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>
Que contacten comigo para obter novos datos	Si <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>

Apéndice V: Guión de entrevista semiestructurada

Boas, son Noa López Castro, a responsable de levar a cabo esta entrevista, con un fin meramente educativo, para un traballo de investigación sobre as experiencias das mulleres novas superviventes á violencia de xénero. En primeiro lugar, darche as grazas por colaborar neste estudo. Se en calquera momento desexas ou necesitas parar esta entrevista, non dubides en dicilo. Así mesmo, esta entrevista farase de forma anónima, asinando un pseudónimo ao teu gusto sobre as mulleres galegas máis importantes.

Datos sociodemográficos

- Código*
- Idade
- Estado civil
- Profesión
- Situación laboral
- Formación
- Lugar de residencia

Bloque I:

- Cando foi a primeira vez que percibiches a sensación de experimentar esta situación de violencia?
- Cando tomaches consciencia do que che estaba sucedendo, acudiches a algún recurso? A cal?
- Como foi o proceso para cambiar esta situación? Que foi o máis difícil para ti? Que apoios tiñas?
- Esta experiencia ou esta situación fixo que deixaras de facer cousas que anteriormente facías? Como cambiou o teu día a día?

Bloque II:

- Como te encontras actualmente? Como é o teu día a día agora?
- Que actividades realizas no teu tempo libre?
- Con quen compartes estas actividades?
- Que cambios tiveron lugar nas túas actividades de ocio ou na túa participación social tras vivir esta experiencia?
- Cambiaron as túas expectativas en canto ás túas relacións sociais? De que forma?
- En base a todo o que viviches, que é para ti a violencia de xénero?
- Queres compartir algo máis sobre esta experiencia?

Moitas grazas, pola colaboración, calquera dúbida que teñas non dubides en contactar comigo a través dos datos entregados anteriormente.

